

VIEIROS

Cartafof

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Xesús Manuel Marcos: Fonte de Esperante

Soidade, saudade...

Fonte de Esperante

Xesús Manuel Marcos

Xerais, Vigo, 2005. 118 páxs., 13,75 €

"...vila con nome de espera silandeira baixo a luz da lúa" (p. 41), vila que, coma a protagonista do último relato, adía as obrigas porque "os brazos e os cadrís non poden e só saben queixarse dos pesos que levaron, (...) das dores coma agullas de lembranzas que xorden en cada recuncho dos músculos e dos ósos" (p.103). Este é o espazo no que teñen lugar os nove contos, case todos galardonados con diversos premios, que Xesús Manuel Marcos nos presenta no seu último libro *Fonte de Esperante*. "Esperante, trasunto mítico dun mundo rural en inevitable decadencia" di a sinopse do texto; pero poderíamos ir máis aló, porque Esperante, co seu ambiente abafante de conta atrás e de gaiola recolle unha parte importante dos acontecementos que marcaron a Galicia da primeira metade do século XX e simboliza a incapacidade de reacción ante estes feitos.

- 18:52 24/11/2005

Así, dentro das súas cento quince follas atopamos emigrantes que non volven ou que volven nun sobre pechado que anuncia a súa morte, atopamos nenos que miran dende enriba a outros nenos porque saben que "os seus pais son os que mandan"; atopamos homes que morren de rabexa pero calan ante os que os oprimen (p. 94). Poucos personaxes pasan a acción e os que o fan son presentados na súa derrota. Non hai espazo para a heroicidade en Esperante, onde os mesmos verdugos amosan a súa face de vítimas e as vítimas non deixan de amosar certa crueldade.

Esperante está habitada sobre todo por perdedores. "Sempre saíches perdendo. Sempre sairás perdendo" (p.106) din á protagonista de "Remol de descontentos", e parece que esas palabras definen a vivenza de todos os habitantes de Esperante, que tolleitos ou enfermos a maior parte deles, turrán dificilmente dun pasado que marca de xeito decisivo o seu modo de obrar. O pasado volta para non deixar marchar as teimas. Só as mulleres, as mulleres da Galicia matriarcal, toman as rendas da súa vida e teñen iniciativa para cambiar as cousas, aínda que para iso teñan que traficar cos seus corpos.

Conforme con isto, serán o medo, a saudade, o cansanzo, e, sobre todo, a morte os que marquen o ton dos relatos. Ao longo do libro vemos morrer moitos personaxes. Todos morren, o que se rebelaba contra o paso do tempo e a que soñaba con ser Rita Xenovese... todos morren deixando baleiros os bancos da Igrexa e a vila. E, coma os seus habitantes, vai esmorecendo a proia Esperante coa morte da liña do autobús que a

comunicaba co resto do mundo ou coa morte do gozo que ía da man das ferias , antes de que o tempo tirase con todo.

En canto á técnica, é de destacar o xeito no que o autor, xogando coa primeira e a segunda persoa, consegue unha multitude de matices nos que destaca a identificación dos personaxes co ambiente no que viven, de xeito que a ruína das súas vidas sexa signo da ruína da vila e do ámbito rural. Así mesmo, o enfrontamento entre varios punto de vista dentro dunha mesma historia, (aínda que sexa en distintos contos, como no caso de "Sumidoiro" e "Fuxidos") permite unha certa obxectividade que amosa máis claramente a demencia dalgúns personaxes desquiciados.

Soidade, saudade, morte, abandono...é o que nos espera en Esperante, xunto cunha dose de boa literatura ao longo dos nove contos que Xesús Manuel Marcos nos ofrece nesta ocasión.

[mércao en Andel](#)